



RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CENTROS BENEFICIARIOS E NON BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA GALIMIENS DE INTERCAMBIO DE ALUMNADO CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DO 20 DE XUÑO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

A Resolución do 20 de xuño de 2022, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, publicada no portal educativo o 30 xuño de 2022, regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa *Galimiens* de intercambio de alumnado de centros educativos de Galicia e da Région Académique Hauts-de-France durante o curso 2022/2023.

Unha vez rematada pola comisión a valoración das solicitudes recibidas dentro do prazo que se estipula no apartado 3 da cláusula oitava da *Resolución do 20 de xuño de 2022* e, segundo o estipulado na cláusula décima da dita Resolución,

RESOLVO

Primeiro-. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> a proposta de resolución provisional de centros beneficiarios das axudas que figuran no Anexo I.

Segundo-. Contra esta resolución poderanse efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da comisión no prazo de 5 días hábiles a partir do día de publicación da resolución provisional no portal educativo.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

